

PRAZOS DE CADUCIDADE E PRESCRICIÓN EN DEREITO LABORAL

Concepto/acción/dereito	Prazo/termo/duración	Cómputo	Norma/disposición legal
Entrega copia básica do contrato.	10 días naturais.	Desde a formalización do contrato.	8.3.a) T.R.L.E.T. ¹ .
Exixencia de formalización por escrito do contrato.	Ao concertar o contrato e durante o transcurso da relación laboral.	Desde a concertación do contrato.	8.4 T.R.L.E.T.
Tempo hábil para a celebración do contrato de traballo en prácticas.	4 anos inmediatamente seguintes ao remate dos estudos. (6 anos en caso de traballador discapacitado)	Desde a terminación dos estudos.	11.1 T.R.L.E.T.
Período de proba no contrato.	Técnicos titulados: 6 meses como máximo. Demais traballadores: 2 meses como máximo. En empresas de menos de 25 traballadores: 3 meses como máximo para traballadores que non sexan técnicos titulados.	Desde a vixencia do contrato.	14.1 T.R.L.E.T.
Rexistro/comunicación de contratos perante a Oficina Pública de Emprego.	10 días naturais seguintes á súa concertación.	Desde a concertación do contrato.	16.1 T.R.L.E.T.
Contestación/adopción de medidas polo empresario ao requirimento de delegados de prevención ou representantes legais dos traballadores.	4 días naturais.	Desde a recepción do requirimento.	19.5 T.R.L.E.T.
Pacto de non competencia unha vez extinguido o contrato.	Técnicos: máximo de 2 anos. Demais traballadores: máximo de 6 meses.	Desde a extinción do contrato.	21.2 T.R.L.E.T.
Preaviso do traballador para rescindir o pacto de plena dedicación.	30 días naturais.		21.3 T.R.L.E.T.
Pacto de permanencia obrigada do traballador na empresa por recibir especialización profesional a cargo do empresario.	2 anos como máximo.	2 anos como máximo.	21.4 T.R.L.E.T.
Período máximo de liquidación e aboamento periódico do salario.	1 mes.		29.1 T.R.L.E.T.
Prazo para preavisar á empresa de retorno á	15 días.		37.6 T.R.L.E.T.

¹ Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

xornada ordinaria por traballador con permiso de lactación ou redución de xornada por motivos familiares.			
Fixación do calendario de vacacións.	2 meses antes do comezo de seu goce.	Data de inicio do goce.	38.3 T.R.L.E.T.
Posibilidade de reclamar ascenso profesional por desempeño de funcións de categoría superior.	Máis de 6 meses no período de un ano, ou máis de 8 meses no período de 2 anos.	Data de inicio de desempeño de funcións superiores.	39.4 T.R.L.E.T.
Notificación da decisión empresarial de traslado de centro de traballo aos traballadores.	30 días naturais de antelación á data da súa efectividade.	Data efectividade do traslado.	40.1 T.R.L.E.T.
Período de consultas en caso de mobilidade xeográfica cando se sobreparen os límites mínimos do número de traballadores.	15 días naturais como mínimo	Data iniciación consultas.	40.2 T.R.L.E.T.
Prazo para informar o traballador do desprazamento temporal acordado pola empresa.	5 días laborábeis de antelación á data da súa efectividade	Data efectividade do desprazamento temporal	40.4 T.R.L.E.T.
Comunicación de modificación substancial de condicións de traballo de carácter individual aos traballadores afectados e aos seus representantes legais.	30 días naturais de antelación á data da súa efectividade.	Data efectividade da modificación.	41.3 T.R.L.E.T.
Período de consultas en caso de modificación substancial de condicións de traballo de carácter colectivo.	15 días naturais como mínimo.	Data iniciación consultas.	41.4 T.R.L.E.T.
Subcontratas. Prazo de libramento pola T.X. Seg.Soc. de certificación negativa de descubertos do subcontratista aos efectos de exoneración de responsabilidades da empresa contratante principal.	30 días naturais.	Desde a data de rexistro da solicitude.	42.1 T.R.L.E.T.
Subcontratas. Prazo de responsabilidade para o empresario principal, solidariamente co contratista, verbo das obrigas salariais e de Seg.Soc. contraídas e non satisfeitas polo subcontratista durante a vixencia da contrata.	1 ano (prescrición).	Desde a terminación do encargo ou contrata.	42.2 T.R.L.E.T.

Subrogación ou sucesión de empresas. Prazo de responsabilidade solidaria cedente-cesionario respecto de obrigas laborais nacidas antes da transmisión e non satisfeitas.	3 anos (prescrición).	Desde a data da sucesión/transmisión	44.3 T.R.L.E.T.
Solicitude de reingreso após a excedencia forzosa.	1 mes.	Desde a data de cese no cargo público.	46.1 T.R.L.E.T.
Excedencia voluntaria.	De 4 meses a 5 anos.	Desde a data do seu inicio.	46.2 T.R.L.E.T.
Prazo que debe transcorrer para solicitar nova excedencia despois dunha anterior.	4 anos.	Desde a data de finalización da anterior excedencia.	46.2 T.R.L.E.T.
Excedencia para atender al coidado de cada fillo.	Máximo 3 anos.	Desde a data de nacemento do fillo/ resolución administrativa.	46.3 T.R.L.E.T.
Excedencia coidado familiares	Máximo 2 anos.	Desde o inicio da excedencia	46.3 T.R.L.E.T.
Prazo de reserva de posto de traballo en caso de excedencia por coidado de fillo.	1 ano	Desde a data de inicio da excedencia.	46.3 T.R.L.E.T.
Prazo de reserva de posto de traballo en caso de excedencia por coidado de fillo. Para traballador de Familia numerosa categoría xeral.	15 meses	Desde a data do inicio da excedencia	46.3. T.R.L.E.T.
Prazo de reserva de posto de traballo en caso de excedencia por coidado de fillo. Para traballador de Familia Numerosa categoría especial	18 meses	Desde a data do inicio da excedencia	46.3. T.R.L.E.T.
Período de consultas en caso de suspensión de contratos por causas tecnolóxicas, económicas ou de forza maior.	15 días naturais	Desde a data de iniciación de consultas	47.1 T.R.L.E.T.
Subsistencia da suspensión de contrato con dereito de reserva do posto de traballo trala declaración de incapacidade cando o órgano cualificador estima unha previsíbel reincorporación do traballador por melloría.	2 anos.	Desde a data da resolución administrativa declaratoria de Incapacidade Permanente.	48.2 T.R.L.E.T.
Prazo de reincorporación en casos de suspensión por servizo militar ou	30 días naturais.	Desde a data de cese no servizo, cargo ou función.	48.3 T.R.L.E.T.

prestación social substitutoria, exercicio de cargo público representativo ou funcións sindicais de ámbito provincial ou superior.			
Suspensión do contrato por maternidade.	16 semanas, ampliábeis en 2 semanas máis por cada fillo a partir do 2º, en caso de parto múltiple.	Desde a data de inicio do descanso por maternidade.	48.4 T.R.L.E.T.
Suspensión por parto prematuro ou necesidade de hospitalización do neonato por período superior a 7 días.	Ampliación suspensión 48.4 TRLET até un máximo adicional de 13 semanas.	A partir do parto.	48.4.5º párf.
Suspensión do contrato por adopción de: • adoptado menor de 9 meses • adoptado maior de 9 meses e menor de 5 anos	16 semanas. 6 semanas.	Desde a data da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, ou ben desde a data da resolución xudicial pola que se constituía a adopción.	48.4 T.R.L.E.T.
Suspensión do contrato por adopción e acollemento de menores de 6 anos, ou maiores de tal idade discapacitados ou con dificultades de inserción social e familiar.	16 semanas, ampliábeis a 2 máis por cada fillo a partir do 2.º.	Desde a data da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, ou ben desde a data da resolución xudicial pola que se constituía a adopción.	48.4 T.R.L.E.T.
Prazo para a subsanación de 10 días naturais defectos na solicitude empresarial de Despedimento Colectivo perante a Autoridade Laboral.	10 días naturais.	Desde a notificación do requirimento de subsanación.	51.3 T.R.L.E.T.
Prazo para a evacuación de Informes da Inspección de traballo e demais necesarios para fundamentar a resolución da Autoridade Laboral en ERE.	10 días naturais.	Desde a data de recepción do requirimento de informe.	51.3 T.R.L.E.T.
Período de consultas en EREs de extinción de contratos: • Empresa de 50 ou máis traballadores • Empresa de menos de 50 traballadores	30 días naturais. 15 días naturais.	Desde a data de iniciación de consultas.	51.4 T.R.L.E.T.
Prazo para ditar resolución	15 días naturais.	Desde a data de	51.5 T.R.L.E.T.

a Autoridade Laboral en ERE para extinción de contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.		notificación á Autoridade Laboral da finalización do período de consultas.	51.6 T.R.L.E.T.
Prazo para ditar resolución a Autoridade Laboral en ERE para extinción de contratos por causa de forza maior.	5 días naturais.	Desde a data da solicitude.	51.12 T.R.L.E.T.
Prazo de preaviso en caso de extinción de contrato por causas obxectivas.	30 días naturais.	Desde a data de entrega da comunicación persoal ao traballador.	53.1.c) T.R.L.E.T.
Prazo para efectuar novo despedimento disciplinario cando no precedente non se respectasen os requisitos formais.	20 días naturais.	Desde o día seguinte á data do primeiro despedimento.	55.2 T.R.L.E.T.
Prazo para o exercicio do dereito de opción empresarial en caso de despedimento declarado improcedente.	5 días naturais.	Desde a data de notificación da sentenza.	56.1 T.R.L.E.T.
Prazo para o depósito da indemnización polo empresario en caso de recoñecemento de improcedencia do despedimento (para limitar salarios de trámite)	48 horas.	Desde a comunicación do despedimento e até a data da conciliación	56.2 T.R.L.E.T.
Prazo para o exercicio de accións derivadas do contrato de traballo que non teñan sinalado prazo especial.	1 ano (prescrición).	Desde a data de determinación do contrato	59.1 T.R.L.E.T.
Prazo para o exercicio de accións encamiñadas a exixir percepcións económicas ou cumprimento de obrigas de tracto único que non podan ter lugar despois de extinguido o contrato.	1 ano (prescrición).	Desde o día ou data en que a acción puidera exercitarse.	59.2 T.R.L.E.T.
Acción de desafuzamento de vivenda ocupada en razón do contrato de traballo, unha vez extinguido o mesmo.	15 anos (prescrición).	Desde o día/data en que poida exercitarse a acción	1969 C.C. 1964C.C. ² .
Prazo de prescrición das infraccións empresariais (agás en materia de	3 anos.	Desde a data en que se cometeu a infracción.	60.1 T.R.L.E.T.

² Código civil. Real Decreto de 24 de xullo de 1889, dispoñendo a publicación na *Gaceta de Madrid* da edición reformada do Código Civil

Seguridade Social).			
Prescrición das faltas dos traballadores: • leves • graves • moi graves	10 días naturais. 20 días naturais. 60 días naturais.	Desde que a empresa tivo coñecemento da súa comisión.	60.2. T.R.L.E.T.
Prescrición longa das faltas dos traballadores.	6 meses.	Desde a data en que se cometeu a falta laboral.	60.2 T.R.L.E.T.
Prescrición de faltas laborais do alto directivo sometido ao R.D. 1382/1985.	12 meses.	Desde a data da súa comisión ou desde que o empresario tivo coñecemento da falta.	13 R.D.1382/1985 ³
Prazo máximo para facilitar información sobre o sector a que pertence a empresa, aos representantes unitarios do persoal.	3 meses (trimestralmente)	Desde a data do último traslado de información.	64.2 T.R.L.E.T.
Prazo para entrega da copia básica dos contratos aos representantes dos traballadores unitarios do persoal.	10 días naturais.	Desde a data en que se concertou o contrato.	64.1.2.º T.R.L.E.T.
Prazo máximo para facilitar aos representantes dos traballadores estatísticas sobre índices de absentismo, accidentes de traballo, índices de sinistrabilidade e mecanismos de prevención.	3 meses (trimestralmente).	Desde a data do último traslado de información.	64.2 T.R.L.E.T.
Prazo para a emisión de informes por parte dos representantes unitarios dos traballadores.	15 días naturais.	Desde a data en que foi solicitado o informe ou notificada a circunstancia que puider motivalo.	64.6 T.R.L.E.T.

Caducidade

Concepto/acción/dereito	Prazo/termo/duración	Cómputo	Norma/disposición legal
Prazo para accionar contra despedimento e resolución/extinción de contratos temporais.	20 días hábiles.	Desde o cese na prestación de servizos.	59.3 T.R.L.E.T. 103.1 T.R.L.P.L. ⁴ .
Prazo para accionar contra a decisión extintiva do contrato por causas obxectivas e	20 días hábiles.	Desde o día seguinte á data de extinción do	121 T.R.L.P.L.

³ Real Decreto 1382/1985, de 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.

⁴ Real Decreto Legislativo 2/1995, de 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral.

outras causas de extinción.		contrato.	
Prazo para accionar contra decisións empresariais en materia de mobilidade xeográfica e modificación substancial de condicións de traballo.	20 días hábiles.	Desde o día seguinte á data de notificación da decisión empresarial.	59.4 T.R.L.E.T.
Prazo para impugnar sancións laborais impostas polo empresario.	20 días hábiles.	Desde a data de notificación da sanción.	114.1 T.R.L.P.L.
Prazo para optar o empresario, no suposto de despedimento improcedente, entre a readmisión ou o aboamento de indemnización.	5 días naturais.	Desde a notificación da sentenza que declare o despedimento improcedente.	110.3 T.R.L.P.L.
Prazo para proceder o empresario a un novo despedimento cando o anterior fose declarado improcedente por incumprimento de requisitos formais e se se optar pola readmisión.	7 días naturais.	Desde a notificación da sentenza.	110.4 T.R.L.P.L.
Prazo para proceder o empresario a un novo despedimento disciplinario cando o anterior se realizase sen observar os requisitos formais do art.55.1 T.R.L.E.T.	20 días naturais.	Desde o día seguinte ao do primeiro despedimento.	55.2 T.R.L.E.T.
Prazo para a reincorporación do traballador á empresa por causa de recuperación se se acha en situación de incapacidade permanente total ou absoluta.	1 mes.	Desde a data da declaración de aptitude emitida polo órgano competente.	3.1 R.D.1451/1983 ⁵
Acción para reclamar fixación de goce de data de vacacións: • Se a data está fixada en convenio colectivo, por acordo empresario/traballadores, ou unilateralmente por aquel • Cando a data de goce non estiver sinalada	20 días naturais. 2 meses, polo menos, de antelación á data de goce pretendida polo traballador.	Desde que se tiver coñecemento da data.	125.a) T.R.L.P.L. 125.b) T.R.L.P.L.
Acción para a impugnación de acordo de conciliación concluído perante o servizo	30 días naturais.	Para as partes: desde o día en que se adoptou o	67.2 T.R.L.P.L.

⁵ Real Decreto 1451/1983, de 11 de maio, polo que, en cumprimento do previsto na Lei 13/1982, de 7 de abril, se regula o emprego selectivo e as medidas de fomento do emprego dos traballadores discapacitados.

administrativo.		acordo. Para terceiros posibles prexudicados: desde o día que coñeceron o acordo.	
Acción para impugnar a validez da conciliación xudicial.	15 días naturais.	Desde a data en que se celebrou a conciliación.	84.5 T.R.L.P.L.
Prazo para instar o procedemento arbitral en materia electoral se se impugnan actos do día da votación ou posteriores.	10 días hábiles.	Desde a data de entrada/rexistro das actas na oficina pública dependente da Autoridade Laboral.	76.5 T.R.L.E.T.
Prazo para instar o procedemento arbitral en materia electoral se se impugnasen actos anteriores ao día da votación.	3 días hábiles.	Desde o día seguinte a aquel en que se produciran os feitos ou se resolvera a reclamación pola mesa.	76.5 T.R.L.E.T.
Acción para impugnar laudos arbitrais en materia electoral.	3 días naturais.	Desde o día en que se tivo coñecemento/notificación do laudo.	127.2 T.R.L.P.L.
Acción para a impugnación da resolución administrativa que denegue o rexistro de actas relativas a eleccións de delegados de persoal e membros do comité de empresa.	10 días naturais.	Desde o día en que se notifique a resolución administrativa.	134 T.R.L.P.L.
Prazo para accionar xudicialmente contra decisións empresariais de mobilidade xeográfica e modificacións substanciais de condicións de traballo	20 días hábiles	Desde o día de notificación da decisión empresarial	138.1 T.R.L.P.L.
Prazo para accionar xudicialmente contra a desconformidade empresarial respecto á elección horaria e determinación temporal dos permisos por lactación e redución de xornada por motivos familiares.	20 días hábiles.	Desde o día en que o empresario comunique a súa desconformidade coa elección do traballador/a.	138 bis T.R.L.P.L.
Acción para a impugnación da resolución administrativa denegatoria do depósito dos estatutos dos sindicatos.	10 días hábiles.	Desde o día da notificación da resolución denegatoria expresa, ou transcorra 1 mes desde a presentación dos estatutos sen que	166 T.R.L.P.L.

		se notificaran aos promotores defectos para subsanar.	
--	--	---	--

Execución de sentenzas. Prazo xeral

Concepto/acción/dereito	Prazo/termo/duración	Cómputo	Norma/disposición legal
Prazo para instar a execución de sentenzas (prescrición).	O mesmo que o fixado polas leis substantivas para o exercicio da acción tendente ao recoñecemento do dereito cuxa execución se pretenda.	Desde a firmeza da sentenza.	241.1 T.R.L.P.L.

Prazos especiais

Concepto/acción/dereito	Prazo/termo/duración	Cómputo	Norma/disposición legal
Prazo para reclamar entrega de sumas de cartos (prescrición).	1 ano	Desde a firmeza da sentenza	241.2 T.R.L.P.L.
Prazo para instar a execución de sentenzas de despedimento cando o empresario non procedera á readmisión do traballador. • cando non se sinalase data para reanudar a prestación laboral. • En caso de readmisión irregular.	20 días naturais. 20 días naturais.	Desde a data sinalada para a readmisión. Desde a data en que expire o prazo dos 10 días seguintes ao da notificación da sentenza (art. 276 T.R.L.P.L.). Desde a data en que a readmisión tivo lugar.	277.1.a) T.R.L.P.L. 277.1.b) T.R.L.P.L. 277.1.c) T.R.L.P.L.
<p>• Non obstante, e sen prexuízo de que non se devenguen os salarios correspondentes aos días transcorridos desde a expiración dos prazos (20 días naturais) anteriores á data en que se solicite a execución do fallo, a acción para exercitar esta última terá que efectuarse dentro dos 3 meses seguintes á firmeza da sentenza (art. 277.2 T.R.L.P.L.).</p>			